

FONDO HOSPITAL DIOCESANO DE TUI

1.- ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

1.1. Código de referencia	ES.ACHDT.36055
1.2. Título	ARQUIVO HISTÓRICO DO HOSPITAL DIOCESANO DE TUI
1.3. Datas	1441-1975
1.4. Nivel de descripción	FONDO
1.5. Volume e soporte	As unidades de instalación ocupan uns 180 metros lineais de estantes en soporte pergameo e papel.

2.- ÁREA DE CONTEXTO

2.1. Nome do produtor	Hospital de Tui.
2.2. Historia institucional / Recensión biográfica	<p>O ilustre historiador tudense, Ávila y la Cueva, afirma que xa dende o século XII a poboación contaba cun hospital no que, ademais de coidar os doentes pobres, dábaselles pousada ós peregrinos que se dirixían ou voltaban de Santiago. O edificio, sito nos arredores da catedral, acollía na parte baixa a alfóndega ou mercado cuberto da cidade, tal como figuraba nun expresivo rótulo que recolle o mencionado historiador: “Alfóndega de Tui MCLXXXI”. No 1756 o bispo Rodríguez Castañón mandou levantar un novo hospital, baixo o título e advocación da Virxe do Pilar, no sitio do anterior que construíra o prelado D. Diego de Torquemada. Por outra parte, a acta de 20 de xullo de 1813 indica que o bispo García Benito doou para o súa edificación a terceira parte da pedra da capela da irmandade Escola de María, situada na rúa de Trala Obra (hoxe, rúa Sanz).</p> <p>Pasado o tempo, o edificio fíxose pequeno, entón a Xunta de goberno determinou construír un novo edificio do que se puxo a primeira pedra o 24 de xuño de 1902 e inaugurouno o bispo D. Manuel Lago González no ano 1923. O antigo edificio do hospital e incluída foi vendido no 1902 á Congregación relixiosa das Franciscanas Misioneras de María, que ó marcharse de Tui no 1968 doárono a Diócese.</p> <p>Arestora o histórico edificio está adicado a Museo Diocesano e aínda conserva no patio interior o escudo de armas do bispo Torquemada que figuraba na primitiva fachada.</p> <p>A institución benéfica estivo presidida polos prelados da Diócese, que nomeaban a prestixiosos clérigos para a súa dirección.</p> <p>Estes, á súa vez, formaban a Xunta de goberno que, segundo recollen as actas, se reunía con frecuencia e tomaba os acordos que lles garantiran a atención ós máis desherdados.</p> <p>A institución perdurou ata 1954, ano no que as Irmanciñas dos Anciáns Desamparados abriron en Tui a residencia de San Telmo e acolleron alí os pobres e doentes da comarca do Baixo Miño.</p>
2.3. Historia arquivística	<p>Dos documentos depositados no Hospital tudense e agora conservados no Arquivo Histórico Diocesano, o máis antigo é o que leva data de 24 de marzo de 1441 e trata dunha doazón que fixeron ó hospital de pobres e peregrinos da cidade Pedro Estévez, Juan da Bouza e Lorenzo Calvo, xusticias de Tui, e outros veciños da cidade. A doazón consistía nas “rendas do peso”, é dicir, o imposto do que se compraba e vendía no mercado.</p> <p>As Constitucións do bispo Diego de Torquemada, publicadas o 15 de xaneiro de 1569, estableceron en quince artigos as normas polas que se debería rexer o Hospital de Pobres e o de San Xíán dos Lázaros, ubicado este último no arrabal do Rollo.</p>
2.4. Forma de ingreso	Por transferencia directa de documentos e escrituras.

3.- ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA

3.1. Alcance e contido	O 50% do volume documental corresponde ós libros administrativos, o 25% á documentación notarial e o outro 25% á acción pastoral da Inclusa.
3.2. Valoración, selección e eliminación	Selecciónase a documentación que afecta a persoas físicas para preservar a súa honra e a súa boa fama das mesmas. Cabe destacar os legaxos co proxecto e memoria do derradeiro hospital e inclusa.
3.3. Novos ingresos	É un arquivo pechado porque a institución deixou de existir no 1954.
3.4. Organización	<p>CADRO DE CLASIFICACIÓN</p> <p>3. ARQUIVO HISTÓRICO DO HOSPITAL</p> <p>3.1. Goberno</p> <p>3.1.1. Constitucións do bispo Torquemada, 1569</p> <p>3.1.2. Libro de actas, 1799-1930</p> <p>3.1.3. Libro de correspondencia, 1857-1927</p> <p>3.1.4. Vacantes de beneficios, 1790-1810</p> <p>3.1.5. Rexistro de expósitos e enfermos, 1897-1958</p> <p>3.1.6. Rexistro de militares, 1880-1931</p> <p>3.2. Libros administrativos</p> <p>3.2.1. Libros de contas, 1845-1929</p> <p>3.2.2. Inventarios, 1846-1940</p> <p>3.2.3. Padroados, 1830-1950</p> <p>3.2.4. Foros e rendas, 1830-1907</p> <p>3.2.5. Décimos, 1811-1851</p> <p>3.3. Acción pastoral</p> <p>3.3.1. Rexistro de bautizados, 1867</p> <p>3.3.2. Dilixencias matrimoniais, 1826-1880</p> <p>3.3.3. Libro de defuncións, 1876-1879</p> <p>3.4. Fundacións</p> <p>3.4.1. Patrimonios, 1795-1810</p> <p>3.4.2. Capelanías e Obras Pías, 1753-1812</p> <p>3.4.3. Fundación Félix Rodríguez, 1910-1975</p> <p>3.5. Documentación notarial</p> <p>3.5.1. Libro de documentos antigos, s. XV</p> <p>3.5.2. Libro tumbo en pergameo, s.XVI</p> <p>3.5.3. Protocolos notariais, 1777-1843</p> <p>3.5.4. Preitos, 1780-1812</p> <p>3.5.5. Pedimentos, 1780-1845</p> <p>3.6. Documentación cartográfica</p> <p>3.6.1. Planos do novo hospital e inclusa de Tui, 1900-1930</p>

4.- ÁREA DE CONDICIÓN DE ACCESO E UTILIZACIÓN

4.1. Condicións de acceso	Os documentos están accesibles ós investigadores e a todo aquel que xustifique a súa utilización por motivos persoais. Deben aterse ás limitacións das leis vixentes e ó Regulamento dos arquivos eclesiásticos españois.
4.2. Condicións de reprodución	A reprodución está moi limitada para evitar o deterioro e garantir a integridade da documentación. As fotocopias e as reproducións dixitais solicítanse cubrindo un impreso.

4.3. Lingua / escritura(s) dos documentos	Latín, castelán e galego.
4.4. Características físicas e requisitos técnicos	A maioría en papel, aínda que tamén existen documentos escritos en pergameos. O estado de conservación é aceptable, anque a humidade produciu deterioros en marxes e cubertas.
4.5. Instrumentos de descrición	Ficheiro temático, guías e inventarios, parcialmente informatizados.

5.- ÁREA DE DOCUMENTACIÓN ASOCIADA

5.1. Existencia e localización dos documentos orixinais	Non se sabe da existencia de orixinais fóra deste arquivo.
5.2. Existencia e localización de copias	Non se coñecen.
5.3. Unidades de descrición relacionadas	Non se coñecen.
5.4. Nota de publicacións	Tui. Museo e Arquivo Histórico Diocesano 1-9 (1975-2001)

6.- ÁREA DE NOTAS

6.1. Notas	O fondo Hospital comprende tamén a Inclusa, e ocupa o mesmo edificio có Arquivo Capitular e o Histórico Diocesano.
------------	--

7.- ÁREA DE CONTROL DA DESCRICIÓN

7.1. Nota do arquivista	Avelino Bouzón Gallego, director. Roberto Fernández Díaz, auxiliar.
7.2. Regras ou normas	General International Standard Archival Description, Second Edition, ISAD (G)
7.3. Data da descrición	Febreiro de 2005.